

I.E.S. ARMANDO COTARELO VALLEDOR

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE GREGO

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

A.GREGO I (1º Bacharelato ordinario e no réxime de Adultos)

B. GREGO II (2º Bacharelato ordinario e no réxime de Adultos)

1) Introducción e contextualización.....	páx.
2) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	páx.4
3) Concreción dos obxectivos para o curso.....	páx.10
4) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....	páx.11
- Temporalización.	
-Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
-Procedementos e instrumentos de avaliación.	
5) Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	páx.23
6) Materiais e recursos didácticos.....	páx.25
7) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	páx.27
8) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	páx.41
9) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	páx.42
10) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.....	páx.43
11) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	páx.43
12) Medidas de atención á diversidade.....	páx.44
13) Concreción dos elementos transversais.....	páx.44
14) Actividades complementarias e extraescolares.....	páx.46
15) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	páx.47

Introdución

Cursos e materias a impartir polo noso Departamento

Esta programación abrangue as materias e cursos ao noso cargo, que son:

Grego I : un grupo de 1º no Bacharelato ordinario e outro no réxime de Adultos

Grego II: un grupo de 2º no Bacharelato ordinario e outro no réxime de Adultos

Composición do Departamento: Este departamento didáctico está formado polos seguintes profesores/as :

Margarita Barral Diéguez, xefa do departamento, que imparte Grego I e II en Bacharelato de adultos e completa horario con Latín I e II en dita quenda de Bacharelato.

Os profesores Lorenzo Fraga (xefe do departamento de Latín) e Susana Piay Durán (membro de dito departamento) imparten respectivamente no Bacharelato ordinario Grego I e Grego II

A) PROGRAMACIÓN DE GREGO I 1º BACHARELATO

Realizada e entregada a través da aplicación PROENS

B) PROGRAMACIÓN DE GREGO II 2º BACHARELATO

1) Introducción e contextualización.

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da Vila.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.

No curso 2022-2023 o noso centro sofre unha grande transformación xa que asume a todo o alumnado de ESO e Bacharelato do IES Bouza Brey, que á súa vez recibe a todos os ciclos formativos de Comercio que se impartían no Cotarelo e se converte no 1º CIFP do Salnés

Situación socio-económica e cultural do contorno

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

Pesca e marisqueo

Agricultura

Hostalería

Conserva (actualmente en plena decadencia)

Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)

Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é **baixo**.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.
- O incremento notable do número do alumnado este ano que comenza e a difícil adaptación para algúns alumnos que xa estaban integrados no IES Bouza Brey a un novo centro no medio dunha etapa educativa.

A materia de Grego II impartirase a dous grupos, un no Bacharelato ordinario e outro no réxime de Adultos. Aínda non sabemos cantos alumnos aspiran á presentarse á ABAU porque esta programación presentouse antes do comenzo das clases, temos previsto sobre todo na 3ª avaliación habilitar unha vía menos de morfosintaxe e tradución e máis enfocada á cultura e literatura gregas para aqueles que pensen facer un ciclo formativo.

Faremos un repaso xeral de Grego I e a implementación da morfoloxía nominal, adxectival, pronominal e verbal mínimas para empezar con textos novos o 2º mes do curso.

No curso 2021-2022 a CIUG volveu a ofertar unha selecta de textos de distinta dificultade de tres obras de Xenofonte e outra da *Biblioteca* de Apolodoro xunto coa prolongación do compromiso de

maior optatividade das preguntas de etimoloxía e literatura na ABAU. Nós traballamos Xenofonte en diurno e Apolodoro en adultos e ante a ausencia de novas da CIUG enfocaremos o traballo este curso do mesmo xeito.

2) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A incorporación das competencias clave ao currículo introduce dous novos enfoques: por unha banda permítenos identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado e por outra banda achega unha visión integradora do proceso de aprendizaxe. Isto quere dicir que, aínda que as áreas e materias son as que ofrecen os contidos concretos diferenciados, a aprendizaxe deberá facerse desde unha perspectiva integradora e de colaboración.

Das sete competencias clave en torno ás que debe artellarse todo o proceso de ensino e aprendizaxe [*competencia en comunicación lingüística (CCL)*, *competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*, *competencia dixital (CD)*, *competencia en aprender a aprender (CAA)*, *competencias sociais e cívicas (CSC)*, *sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)* e *conciencia e expresións culturais (CCEC)*] a materia de Grego II contribúe especialmente á adquisición da CCL e da CCEC .

Na táboa seguinte recóllese o **PERFIL COMPETENCIAL** de Grego II, a contribución dos estándares da nosa materia á adquisición de cada competencia clave:

Competencia Clave:		Aprender a aprender
Nivel	Área	Estándares
2º	GR	2º-GR2B1.2.1 - Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.
Competencia Clave:		Competencia Dixital
Nivel	Área	Estándares
2º	GR	2º-GR2B1.1.1 - Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
2º	GR	2º-GR2B4.5.1 - Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.
2º	GR	2º-GR2B5.2.1 - Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.
Competencia Clave:		Comunicación Lingüística
Nivel	Área	Estándares
2º	GR	2º-GR2B1.1.1 - Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
2º	GR	2º-GR2B1.2.1 - Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.
2º	GR	2º-GR2B1.3.1 - Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.
2º	GR	2º-GR2B2.1.1 - Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e

		pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.
2º	GR	2º-GR2B2.2.1 - Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.
2º	GR	2º-GR2B2.3.1 - Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.
2º	GR	2º-GR2B2.4.1 - Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.
2º	GR	2º-GR2B2.5.1 - Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.
2º	GR	2º-GR2B3.1.1 - Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.
2º	GR	2º-GR2B3.2.1 - Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.
2º	GR	2º-GR2B3.3.1 - Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.
2º	GR	2º-GR2B3.4.1 - Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.
2º	GR	2º-GR2B3.5.1 - Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.
2º	GR	2º-GR2B3.6.1 - Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
2º	GR	2º-GR2B3.6.2 - Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.
2º	GR	2º-GR2B3.7.1 - Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.
2º	GR	2º-GR2B3.7.2 - Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.
2º	GR	2º-GR2B4.1.1 - Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.
2º	GR	2º-GR2B4.2.2 - Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.
2º	GR	2º-GR2B4.3.1 - Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.
2º	GR	2º-GR2B5.1.1 - Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.
2º	GR	2º-GR2B5.2.1 - Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.
2º	GR	2º-GR2B5.3.1 - Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.
2º	GR	2º-GR2B5.5.1 - Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.
2º	GR	2º-GR2B6.1.1 - Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.
2º	GR	2º-GR2B6.2.1 - Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.
2º	GR	2º-GR2B6.3.1 - Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.
2º	GR	2º-GR2B6.3.2 - Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.
2º	GR	2º-GR2B6.4.1 - Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.
2º	GR	2º-GR2B6.5.1 - Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.
2º	GR	2º-GR2B6.6.1 - Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes,

		e explica o seu significado.
2º	GR	2º-GR2B6.6.2 - Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.
Competencia Clave:		Conciencia e expresións culturais
Nivel	Área	Estándares
2º	GR	2º-GR2B1.1.1 - Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
2º	GR	2º-GR2B4.1.1 - Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.
2º	GR	2º-GR2B4.2.1 - Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.
2º	GR	2º-GR2B4.3.1 - Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.
2º	GR	2º-GR2B4.4.1 - Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.
2º	GR	2º-GR2B4.5.1 - Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.
2º	GR	2º-GR2B5.3.1 - Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.
2º	GR	2º-GR2B5.4.1 - Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

Competencia Clave:		Matemática, ciencia e tecnoloxía
Nivel	Área	Estándares
2º	GR	2º-GR2B4.2.1 - Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.
Competencia Clave:		Sociais e cívicas
Nivel	Área	Estándares
2º	GR	2º-GR2B5.4.1 - Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

Nesta outra táboa, o **PERFIL DE ÁREA** recóllese a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia Grego II ponderados (ordeados de maior a menor peso no curso) e o grao mínimo que debe ser acadado de cada un:

PERFIL DE ÁREA				
Área:		GR		
Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	Peso (%)
2º	GR	2º-GR2B5.1.1-Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	10 %
2º	GR	2º-GR2B5.3.1-Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico	Cos coñecementos adquiridos recoñece o xénero literario e as alusións culturais presentes	6 %

		de textos.	nos textos traducidos.	
2º	GR	2º-GR2B5.4.1-Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	Sabe ubicar o texto traducido nun contexto cultural e histórico a partir de referencias claras presentes nel.	6 %
2º	GR	2º-GR2B4.1.1-Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.	Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos estudados na avaliación, e identifica e sinala a súa presenza en textos lidos e comentados na aula.	5 %
2º	GR	2º-GR2B4.2.2-Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	5 %
2º	GR	2º-GR2B4.3.1-Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	Explora a conservación dos grandes temas literarios da tradición grega (guerra de Troia, familia de Edipo, Argonautas e Medea...) mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	5 %
2º	GR	2º-GR2B4.5.1-Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	Nomea os autores máis representativos da literatura grega, encádraos na súa época e cita e explica polo menos dúas das súas obras máis coñecidas.	5 %
2º	GR	2º-GR2B5.2.1-Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto.	5 %
2º	GR	2º-GR2B2.1.1-Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais sempre nun contexto e non illadas, declínaas - se son irregulares ou minoritarias a partir dun modelo- e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	3 %
2º	GR	2º-GR2B2.2.1-Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais sempre nun contexto e non illadas, conxúgaas - se son irregulares ou minoritarias a partir dun modelo- e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	3 %
2º	GR	2º-GR2B2.3.1-Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	Nomea as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	3 %
2º	GR	2º-GR2B2.4.1-Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, a partir da forma básica do enunciado da palabra.	3 %
2º	GR	2º-GR2B2.5.1-Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario e táboas morfolóxicas os morfemas que conteñen información gramatical.	3 %
2º	GR	2º-GR2B4.4.1-Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.	Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior recoñecendo alusións a temas (mitos, lendas ou feitos históricos...) estudados nos respectivos xéneros presentes en poemas ou fragmentos de literatura contemporánea.	3 %

2º	GR	2º-GR2B5.5.1-Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero do texto.	3 %
2º	GR	2º-GR2B1.1.1-Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	Identifica nun mapa ámbitos de influencia dos catro dialectos principais, recoñecendo os puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica sinalados en dito mapa.	2 %
2º	GR	2º-GR2B3.1.1-Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.	Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos consultando paradigmas gramaticais.	2 %
2º	GR	2º-GR2B3.4.1-Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas consultando táboas de nexos e esquemas sintácticos	2 %
2º	GR	2º-GR2B3.6.1-Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	Identifica formas non persoais do verbo (infinitivos e participios de presente e aoristo) en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	2 %
2º	GR	2º-GR2B3.6.2-Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e xenitivo absoluto.	2 %
2º	GR	2º-GR2B3.7.1-Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	Recoñece, distingue e clasifica os tipos máis frecuentes de oracións e as construcións sintácticas gregas.	2 %
2º	GR	2º-GR2B4.2.1-Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles os autores e obras máis importantes.	2 %
2º	GR	2º-GR2B3.2.1-Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.	Recoñece os valores locais das preposicións (o resto consultando o dicionario) e identifica os complementos circunstanciais.	1.75 %
2º	GR	2º-GR2B3.3.1-Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	Coñece, identifica e traduce correctamente de entre os usos modais propios da lingua grega o optativo oblicuo e o subxuntivo eventual.	1.75 %
2º	GR	2º-GR2B3.5.1-Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os principais nexos subordinantes nos seus valores máis frecuentes.	1.75 %
2º	GR	2º-GR2B3.7.2-Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	1.75 %
2º	GR	2º-GR2B6.1.1-Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	1.5 %
2º	GR	2º-GR2B6.2.1-Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua a partir dos étimos gregos dos que proceden e que se traballaron previamente nos textos.	1.5 %
2º	GR	2º-GR2B6.6.1-Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	1.5 %
2º	GR	2º-GR2B6.6.2-Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da	Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento	1.5 %

		lingua propia.	da lingua propia.	
2º	GR	2º-GR2B6.3.1-Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	1 %
2º	GR	2º-GR2B6.3.2-Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	1 %
2º	GR	2º-GR2B6.4.1-Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica a partir de listas de morfemas derivativos traballados.	1 %
2º	GR	2º-GR2B6.5.1-Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	Recoñece e distingue cultismos e neoloxismos a partir do étimo grego e explica as regras de transcripción.	1 %
2º	GR	2º-GR2B1.2.1-Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.	Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando intuitivamente as semellanzas nos lexemas e as diferenzas na pronuncia e a flexión que existen entre uns e outros .	0.5 %
2º	GR	2º-GR2B1.3.1-Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	Coñece o fenómeno do iotacismo e a ausencia de espírito áspero na pronuncia do grego moderno e utiliza algunhas palabras e expresións básicas (saúdos e presentacións e lectura de carteis de uso frecuente)	0.5 %

3) Concreción dos obxectivos para o curso

Dentro dos obxectivos do bacharelato en xeral a nosa materia contribúe especialmente a acadar estes tres :

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

E dentro do obxectivo i), “[...] dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida” éstas serían:

-Coñecer e utilizar a morfosintaxe e o léxico gregos necesarios para a tradución, análise lingüística e interpretación de textos de moderada complexidade, coa axuda do dicionario, pertencentes ao grego ático dos séculos V e IV a.C.

-Identificar e interpretar as etimoloxías gregas no vocabulario galego e castelán (especialmente científico), así como no francés/inglés, xustificando nestas últimas a ortografía e reflexionado sobre as vías de penetración dos helenismos nas linguas modernas.

-Ubicar, interpretar e comentar textos literarios e filosóficos traducidos, captando a súas características de xénero e o seu contido conceptual.

-Apreciar os valores éticos, estéticos e políticos do mundo grego a través dos seus textos.

-Desenvolver técnicas de traballo intelectual mediante o comentario e o uso crítico de documentos, bibliografía, material multimedia etc. sobre todo no tratamento da mitoloxía grega xa non como anecdotario, senón afondando no seu tratamento literario e no seu transfondo ideolóxico.

4) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- Temporalización.

-Grao mínimo de consecución para superar a materia.

-Procedementos e instrumentos de avaliación.

A gran maioría dos estándares trabállanse nos tres trimestres pero con dificultade gradual. Para establecer o **grao mínimo** de consecución de cada estándar procuramos acotar un pouco a extensión do contido, rebaixar os procesos cognitivos implicados en cada un e sobre todo facilitar o contexto de dita consecución permitindo a consulta de fontes de información para realizar o que alumno debe saber facer.

En canto aos **procedementos** e **instrumentos** de avaliación procuramos que fosen variados, nos estándares máis importantes empregar dous e para aqueles moi complexos ou “pouco importantes” reservar o únicamente o procedemento de observación sistemática por medio do diario de clase.

Aínda que o relativo a avaliación e cualificación se trata no apartado 7), adiantamos que na táboa que segue aparecen desglosados os procedementos deste xeito:

- o procedemento de PROBA ESPECÍFICA en catro tipos de instrumento: proba de interpretación de datos (mapa), proba aberta, proba obxectiva e resolución de exercicios, aínda que se nunha proba escrita se avalían varios estándares –que será o máis frecuente- haberá preguntas dos tres últimos tipos de probas nun mesmo exame.

-o procedemento de ANÁLISE DE PRODUCIÓNS DOS ALUMNOS se realizará a través de cinco instrumentos: producións orais, caderno de clase, traballo de aplicación e síntese, investigacións e resolución e exercicios.

-por último o procedemento da OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA concrétase únicamente no instrumento DIARIO DE CLASE.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO		GREGO II 2022-2023					
NIVEL		2º BACHARELATO			ÁREA	Grego (GR)	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
		Indicador mínimo de logro				Instrumentos de avaliación /Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Lingua grega							
GR-B1.1	2º-GR2B1.1.1 - Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. Peso: 2%	Identifica nun mapa ámbitos de influencia dos catro dialectos principais, recoñecendo os puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica sinalados en dito mapa.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de interpretación de datos: mapa dialectal e político.	CCL CD CCEC
GR-B1.2	2º-GR2B1.2.1 - Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o	Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando intuitivamente as semellanzas nos lexemas e as diferenzas na pronuncia e a flexión que existen entre uns e outros .	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA

	proceso de evolución. Peso: 0.5%						
GR-B1.3	2º-GR2B1.3.1 - Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. Peso: 0.5%	Coñece o fenómeno do iotacismo e a ausencia de espírito áspero na pronuncia do grego moderno e utiliza algunhas palabras e expresións básicas (saúdos e presentacións e lectura de carteis de uso frecuente)	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais: lectura e pequenos diálogos a partir dun modelo. Execución da canción "O <i>angelos mou</i> "	CCL
Bloque 2: Morfoloxía							
GR-B2.1	2º-GR2B2.1.1 - Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. Peso: 3%	Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais sempre nun contexto e non illadas, declínaas - se son irregulares ou minoritarias a partir dun modelo- e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase: resolución de exercicios.(20%) Proba de análise morfolóxica.(80%)	CCL
GR-B2.2	2º-GR2B2.2.1 - Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais sempre nun contexto e non illadas, conxúgaas - se son irregulares ou minoritarias a partir dun modelo- e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase:resolución de exercicios.(20%).Proba de análise morfolóxica .(80%) Proba aberta.	CCL

	Peso: 3%						
GR-B2.3	2º-GR2B2.3.1 - Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. Peso: 3%	Nomea as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos: identificación razoada dos tipos de palabras dun pequeno texto	CCL
GR-B2.4	2º-GR2B2.4.1 - Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. Peso: 3%	Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, a partir da forma básica do enunciado da palabra.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas: Resolución de exercicios de segmentación morfolóxica de palabras dun texto.(20%). Proba obxectiva.(80%)	CCL
GR-B2.5	2º-GR2B2.5.1 - Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. Peso: 3%	Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario e táboas morfolóxicas os morfemas que conteñen información gramatical.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
Bloque 3: Sintaxe							

GR-B3.1	2º-GR2B3.1.1 - Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. Peso: 2%	Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos consultando paradigmas gramaticais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%). Resolución de exercicios e problemas.(análise morfosintáctica)(80%)	CCL
GR-B3.2	2º-GR2B3.2.1 - Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais . Peso: 1.75%	Recoñece os valores locais das preposicións (o resto consultando o dicionario) e identifica os complementos circunstanciais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%). Resolución de exercicios e problemas: Proba de resolución de exercicios de análise sintáctica.(80%)	CCL
GR-B3.3	2º-GR2B3.3.1 - Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. Peso: 1.75%	Coñece, identifica e traduce correctamente de entre os usos modais propios da lingua grega o optativo oblicuo e o subxuntivo eventual.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%) Resolución de exercicios e problemas: Proba de resolución de exercicios de análise sintáctica.(80%)	CCL
GR-B3.4	2º-GR2B3.4.1 - Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. Peso: 2%	Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas consultando táboas de nexos e esquemas sintácticos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
GR-B3.5	2º-GR2B3.5.1 - Recoñece, clasifica,	Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CCL

	analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. Peso: 1.75%	principais nexos subordinantes nos seus valores máis frecuentes.				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
GR-B3.6	2º-GR2B3.6.1 - Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. Peso: 2%	Identifica formas non persoais do verbo (infinitivos e participios de presente e aoristo) en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%) Proba aberta: Proba de análise sintáctica e tradución (80%).	CCL
GR-B3.6	2º-GR2B3.6.2 - Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. Peso: 2%	Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e xenitivo absoluto .		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Diario de clase: anotación sobre a participación no xogo de cartas dos participios de pres. e aor.(20%). Proba aberta : Proba de teoría e práctica dos participios(80%).	CCL
GR-B3.7	2º-GR2B3.7.1 - Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	Recoñece, distingue e clasifica os tipos máis frecuentes de oracións e as construcións sintácticas gregas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta: Proba de análise sintáctica e tradución dun texto.	CCL

	Peso: 2%						
GR-B3.7	2º-GR2B3.7.2 - Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. Peso: 1.75%	Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta: Proba de análise sintáctica e tradución dun texto.</p>	CCL
Bloque 4: Literatura							
GR-B4.1	2º-GR2B4.1.1 - Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos. Peso: 5%	Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos estudados na avaliación, (épica, lírica e subxéneros e drama (traxedia e comedia) e identifica e sinala a súa presenza en textos lidos e comentados na aula.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese: comentario de texto.</p>	CCL CCEC
GR-B4.2	2º-GR2B4.2.1 - Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. Peso: 2%	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles os autores e obras máis importantes.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.</p>	CMCT CCEC

GR-B4.2	<p>2º-GR2B4.2.2 - Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.</p> <p>Peso: 5%</p>	Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese: guías de lectura dos textos representativos de cada xénero estudado (autores ABAU). (50%) Proba aberta: comentario de texto.(50%)</p>	CCL
GR-B4.3	<p>2º-GR2B4.3.1 - Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.</p> <p>Peso: 5%</p>	Explora a conservación dos grandes temas literarios da tradición grega (guerra de Troia, familia de Edipo, Argonautas e Medea...) mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase: participación na lectura e comentario de textos contemporáneos. (20%). Investigacións:(80%)</p>	CCL CCEC
GR-B4.4	<p>2º-GR2B4.4.1 - Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.</p> <p>Peso: 3%</p>	Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior recoñecendo alusións a temas (mitos, lendas ou feitos históricos...) estudados nos respectivos xéneros presentes en poemas ou fragmentos de literatura contemporánea.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta: comentario de textos</p>	CCEC
GR-B4.5	<p>2º-GR2B4.5.1 - Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu</p>	Nomea os autores máis representativos da literatura grega, encádraos na súa época e cita e explica polo menos dúas		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p>	CD CCEC

	contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. Peso: 5%	das súas obras máis coñecidas.				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
Bloque 5: Textos (SELECTA CIUG XENOFONTE OU APOLODORO- ABAU 2023)							
GR-B5.1	2º-GR2B5.1.1 - Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. Peso: 10%	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%). Resolución de exercicios: proba de análise e tradución.(80%) Resolución de exercicios e problemas.	CCL
GR-B5.2	2º-GR2B5.2.1 - Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. Peso: 5%	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%). Resolución de exercicios: proba de análise e tradución.(80%) Resolución de exercicios e problemas.	CD CCL
GR-B5.3	2º-GR2B5.3.1 - Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico,	Cos coñecementos adquiridos reconece o xénero literario e as alusións culturais presentes nos textos traducidos.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CCL CCEC

	literario e histórico de textos. Peso: 6%					INSTRUMENTOS: Proba aberta: comentario global guiado sobre o texto traducido.	
GR-B5.4	2º-GR2B5.4.1 - Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. Peso: 6%	Sabe ubicar o texto traducido nun contexto cultural e histórico a partir de referencias claras presentes nel.		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta: preguntas puntuais sobre o contido dun texto.	CSC CCEC
GR-B5.5	2º-GR2B5.5.1 - Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. Peso: 3%	Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero do texto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta: preguntas puntuais sobre a forma dun texto.	CCL
Bloque 6: Léxico							
GR-B6.1	2º-GR2B6.1.1 - Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. Peso: 1.5%	Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais que figuran nos textos ABAU.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%) Resolución de exercicios de etimoloxía.(80%) Resolución de exercicios e problemas.	CCL

GR-B6.2	2º-GR2B6.2.1 - Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. Peso: 1.5%	Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua a partir dos étimos gregos dos que proceden e que se traballaron previamente nos textos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%). Resolución de exercicios e problemas: Resolución de exercicios de etimoloxía.(80%)	CCL
GR-B6.3	2º-GR2B6.3.1 - Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. Peso: 1%	Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
GR-B6.3	2º-GR2B6.3.2 - Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. Peso: 1%	Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta: preguntas de etimoloxía sobre dun texto.	CCL
GR-B6.4	2º-GR2B6.4.1 - Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. Peso: 1%	Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica a partir de listas de morfemas derivativos traballados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL
GR-B6.5	2º-GR2B6.5.1 -	Recoñece e distingue cultismos e	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CCL

	<p>Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.</p> <p>Peso: 1%</p>	neoloxismos a partir do étimo grego e explica as regras de transcripción.				<p>alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	
GR-B6.6	<p>2º-GR2B6.6.1 - Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.</p> <p>Peso: 1.5%</p>	Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%) Proba obxectiva.(80%)</p>	CCL
GR-B6.6	<p>2º-GR2B6.6.2 - Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.</p> <p>Peso: 1.5%</p>	Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.(20%) Proba obxectiva.(80%)</p>	CCL

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

5) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Como ven sendo habitual o verán fai estragos na competencia en lingua grega dos nosos alumnos, e máis se estes son de adultos e hai dous ou tres anos que non viron unha letra grega. Por iso nas primeiras semanas do curso farase un repaso da lingua e a cultura gregas estudadas en 1º, especialmente alfabeto, pronunciación e transcrición e morfoloxía nominal, empezando de cero pero progresando vertixinosamente.

Para iso realizaranse diversas actividades lúdicas entre as que se incluírá oír e cantar (este ano mellor só escoitar) cancións en grego moderno para apreciar as coincidencias e diferencias co grego clásico en pronunciación e léxico e xogos interactivos para activar o recordo do vocabulario, a etimoloxía e os conceptos gramaticais máis importantes.

Despois para ir completando e profundizando na estrutura morfosintáctica da lingua grega fronte ao tradicional emprego de frases gregas descontextualizadas para ilustrar estruturas gramaticais procuraremos empregar sempre textos, inicialmente de métodos como *ATHENAZE* ou de *Alexandros to hellenikon paidion*, y máis adiante textos orixinais. Para interiorizar as construcións ás veces recurriremos á oralidade e a referencia será ΔΙΑΛΟΓΟΣ de Santi Carbonell.

En xeral subordinarase a aprendizaxe da gramática ao estudo e práctica da lingua grega, a cal debe ser entendida non como un fin en sí mesma, senón como un medio de aproximación á civilización grega.

- Empregarase unha metodoloxía non paradigmática, permitindo chegar ao coñecemento da lingua a través do estudo e **interpretación dos textos** con continuidade e cursividade, e non a partir dunhas teorizacións gramaticais previas. Este método debe ser, ademais, **indutivo** e **activo**: na medida do posible, o alumno, baixo a guía da profesora, extraerá do texto todo o material necesario para construír el mesmo os conceptos gramaticais.

-No estudo da lingua interesa ter en conta tamén os criterios de frecuencia e rentabilidade; darase prioridade á aprendizaxe daquelas estruturas lingüísticas que haxa maior probabilidade de encontrar en calquera autor e obra grega.

-Ademais, o material seleccionado debe estar organizado dun xeito gradual e progresivo, de menor a maior dificultade.

- Non se debe anticipar ningunha noción gramatical que o alumno poida intuír por presión do contexto ou por comparación con outras linguas que el coñeza. Non convén tampouco elixir a memorización do paradigma completo ata que non se teña traballado e comprendido cada unha das súas formas.

-As explicacións pertinentes da gramática e o estudo da mesma realizaranse sempre despois da lectura e comprensión dos textos e da realización dos exercicios propostos; se ben, sempre se poderán consultar as nocións gramaticais básicas que acompañan aos exercicios.

-A profesora evitará os desenvolvementos teóricos xerais e independentes do texto e, en cambio, sistematizará e recapitará aquelas nocións de sintaxe que o texto suxira.

-O **léxico** adquirírase a partir dos textos lidos en clase, que o alumno relerá tantas veces sexa necesario, e mediante exercicios de **etimoloxía**, oportunas comparacións entre os termos gregos e os emparentados con eles nas linguas que o alumno coñeza (español, galego, inglés, francés...)

Asimesmo, para conseguir un aprendizaxe máis rápido e racional do léxico, convén agrupar as palabras en campos semánticos e introducir unhas nocións elementais de derivación e composición. Evítase polo tanto a memorización de listas como puro exercicio teórico.

Intentarase sempre comprender a estrutura e o sentido xeral do texto antes de recurrir ao

dicionario, que en 2º é de uso necesario e por iso se adestrará ben ao alumno para que poida

descifrar toda a información que ofrece, pero que non debe contribuir ao esquecemento do vocabulario que xa se coñece polo feito de poder volver a buscalo unha e outra vez
-Realizaranse diversas actividades lúdicas ao longo do curso para potenciar este aprendizaxe do vocabulario (resolución e elaboración de PASA PALABRAS, presentacións interactivas con imaxes, exercicios de sinónimos e contrarios en JCLIC, así como de algúns conceptos gramaticais, logrando que o alumno os asuma dun xeito o máis natural e fácil posibles.

- O estudo da **literatura** grega realizarase fundamentalmente a través da lectura en voz alta na clase de textos gregos representativos de cada un dos seis xéneros que prescribe o currículo – e repetimos unha vez máis que estamos á espera dalgunha concreción de lecturas e textos por parte das autoridades educativas-e en xeral os alumnos lerán previamente o marco histórico e características do xénero en cuestión no material de referencia elaborado por Javier Sánchez do IES Sierra Bermeja (Málaga): **Literatura Griega** . A lectura colectiva debe suscitar comentarios e preguntas e levar a poder facer comparacións entre os temas lidos e o seu tratamento en textos da literatura contemporánea que despois será obxecto de pequenos traballos individuais de investigación concreta.

Como norma xeral achegarémonos aos textos gregos do modo seguinte:

1. **Texto:** Comprensión e expresión escrita; etimoloxía; historia de Grecia:

Este curso traduciremos a selecta de textos de Xenofonte da CIUG (*Helénicas, Anábase e Ciropedia*) na queda ordinaria e a de Apolodoro en adultos se non hai cambios con respecto á selecta proposta para 2022.

Leremos en tradución as pasaxes previas e posteriores ao texto obxecto de estudo para unha mellor contextualización. Veremos presentacións ou pequenos vídeos sobre o tema do fragmento se é posible. Faranse por parte dos alumnos pequenas investigacións dos personaxes e topónimos que figuran nos textos e poden ter a forma de GLOSARIO MOODLE na AULA VIRTUAL.

Tras ver o título lemos o texto en voz alta varias veces, cada vez insistimos máis na entonación. Destacamos en negrita as formas verbais e os nexos e os contidos gramaticais novos cando saen no texto. Traballamos o vocabulario coa axuda da transcripción e a etimoloxía e memorizamos só as palabras que teñan descendencia etimolóxica na nosa lingua ou teñen unha frecuencia de aparición moi notable ou son exemplos dos seus paradigmas respectivos. Practicamos o vocabulario novo mediante diálogos breves, preguntas e respostas e xogos. Reforzamos os contidos gramaticais vistos anteriormente. Unha vez descifrado o contido investigaremos e ampliaremos as referencias históricas e culturais do texto.

2. **Gramática.**

Aparte da análise morfosintáctica mínima para poder traducir faremos exercicios de varios tipos sempre a partir das formas que aparezan nos textos: Completar desinencias nominais e verbais para reforzar contidos morfosintácticos. Completar ocos, para asegurar vocabulario. Responder e redactar preguntas. Verbos: Cambiar de número. Cambiar de persoa. Cambiar de tempo. Cambiar de voz.

3. **Diálogos:** Comprensión e expresión oral:

Presentamos novos contidos gramaticais e repasamos os xa dados por medio de dinámicas orais e activas, traballando tanto a comprensión oral a través de audios como a expresión oral a través das dinámicas orais xa comentadas. Este aspecto terá un peso menor que en Grego I polas esixencias da ABAU

Por último, conforme avanza o curso académico iremos empregando máis a lingua grega para as explicacións, comezando coas expresións básicas da aula. A finalidade é que o alumnado vaia interiorizando esta lingua de estudo.

Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC

(Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)

METODOLOXÍA:

Preparación probas extraordinarias

Repasaranse á demanda nas dúas primeiras semanas os contidos mínimos de alfabeto, transcripción, etimoloxía, morfosintaxe, tradución e literatura coa axuda dos recursos da aula virtual. Repetirase a tradución dos textos de Xenofonte ou Apolodoro xa traballados na aula facendo *relectiones* e exercicios para fixar léxico coa axuda da etimoloxía e estruturas gramaticais comparando patróns recorrentes en varios textos. Colgaranse ao final da clase na aula virtual todos os textos analizados sintacticamente e traducidos para que estean dispoñibles antes da proba extraordinaria para a súa consulta e estudo.

Na medida do posible tentarase que o alumnado que estea preparando a proba extraordinaria poida aproveitar a maior parte das actividades realizadas co alumnado que acuda á ABAU

Preparación ABAU

Terminarase a tradución e comentario dos textos da selecta de Xenofonte ou Apolodoro se non dese tempo a rematalos antes da avaliación final procurando que a preparación dos mesmos se faga na casa. Faranse todo tipo de exercicios sobre eles que axuden a fixar léxico, estruturas e mesmo a memorizar expresións e palabras moi repetidas.

Familiarizarase ao alumnado co apéndice gramatical presente ao final do dicionario que na aula non se usaba pola súa confusa disposición pero pode ser clave na ABAU

Na literatura acotarase o repaso dos contidos (argumento) ás lecturas obrigatorias fronte ao estudo das características formais dos xéneros e a súa imbricación coa historia de Grecia que tamén se fixo nos traballos ao longo do curso.

ACTIVIDADES TIPO:

Preparación probas extraordinarias

Exercicios de morfosintaxe nominal e verbal enfocados exclusivamente aos usos presentes nos textos de Xenofonte ou Apolodoro

Repaso de todas as probas escritas feitas ao longo do curso

Lectura en tradución dos principais mitos tratados na selecta de Apolodoro

Realización de resumos e esquemas moi simples sobre as características dos tres xéneros literarios do programa

Relectura en voz alta e comentario dos pasaxes claves da *Ilíada*, *Edipo Rei* e *Asambleístas*

Preparación ABAU

Comentario das preguntas-tipo de literatura feitas nos últimos anos nas probas de acceso *Relectiones* (traducións sen dicionario) dos textos máis doados xa feitos

Elaboración de listados de verbos ou estruturas sintácticas moi recorrentes (participios concertados e absolutos, oracións de relativo) a partir dos textos xa traducidos

Repaso do contido (personaxes, argumento) das lecturas obrigatorias xa que na ABAU soen primar ese aspecto sobre a súa estrutura ou as características formais de xénero literario

6) Materiais e recursos didácticos

Os alumnos só terán que ter un dicionario de grego (VOX) e se lles facilitará o enlace a través da aula virtual dos distintos dicionarios online dispoñibles na rede:

1) [LOGOS. Diccionario griego-español, español-griego](#)

2) [DICCIOGRIEGO](#) diccionario didáctico interactivo griego-español. É moito máis que un diccionario. Contén paradigmas morfolóxicos, audios coa pronuncia, sinónimos, equivalente en grego moderno, frases etc. Posibilita búsqueda por tipos de palabra, familia léxica, ten textos traducidos, listados de helenismos explicados etc

3) [DGE Diccionario griego español en línea del CSIC](#) (so da alfa á épsilon polo momento).

Diccionario moi completo con citas

4) [WIKTIONARY ANCIENT GREEK-ENGLISH](#) . Moi completo. Inclúe información de morfoloxía, dialectos, etimoloxía, pronunciación etc

O resto de material se colgará na aula virtual e/ou se facilitará en copias. Tamén se orientará a consulta de libros do departamento ou a biblioteca e de páxinas web especializadas, especialmente para elaborar as guías de lectura. Como material complementario para a contextualización histórica, cultural etc. se empregarán manuais de literatura, historia, mitoloxía e a wikipedia.

Para o estudo da literatura o material de referencia será o excelente traballo con licenza Creative Commons elaborado por Javier Sánchez do IES Sierra Bermeja (Málaga): **Literatura Griega** dispoñible na rede, dos que estudiaremos tres unidades: Épica, Lírica e Drama

No réxime de adultos ademais das lecturas obrigatorias programadas pola CIUG ofertaremos un listado de lecturas complementarias e voluntarias que poderán contribuir a subir a nota aos alumnos. É practicamente o mesmo listado que o de Grego I, polo que os alumnos que xa leron algún dos libros citados a continuación deberán escoller outros:

Clásicos:

-*DIÁLOGOS DOS DEUSES. DIÁLOGOS DOS MORTOS*. Luciano de Samosata (ou calquera outra obra breve do autor)

-*ANTÍGONA* ou *ÁIAX*. Sófocles

-*TROIANAS, MEDEA, BACANTES* ou *HIPÓLITO*. Eurípides

-*LISÍSTRATA* ou *ASAMBLEÍSTAS*. Aristófanes

-*AS ARGONÁUTICAS*. Apolonio de Rodas

-*ODISEA*. Homero

-Selecta das *HISTORIAS* de Heródoto

-Selecta de discursos da *HISTORIA DA GUERRA DO PELOPONESO* de Tucídides

-*BANQUETE* de Xenofonte

Modernos:

Mitoloxía:

-*DEL MITO AL LABORATORIO. LA INSPIRACIÓN DE LA MITOLOGÍA EN LA CIENCIA*, Torregrosa López, Daniel Carlos.

-*LA SABIDURÍA DE LOS MITOS. APRENDER A VIVIR II*. Luc Ferry

Viaxes culturais gregos:

-*CORAZÓN DE ULISES* de Javier Reverte (só para alumnos que non o leron en Grego I)

-*GRECIA VIAJE DE OTOÑO* de Xavier Moret

-*TRAS LAS HUELLAS DE HERÓDOTO. CRÓNICAS DE UN VIAJE HISTÓRICO POR ASIA MENOR*. Antonio Penadés

- Capítulos dedicados a Grecia e Sicilia en *INVIERNO MEDITERRANEO* de Robert. D. Kaplan e en *FANTASMAS BALCÁNICOS* do mesmo autor

Historia y civilización griega:

-DE BANQUETES Y BATALLAS. LA ANTIGUA GRECIA A TRAVÉS DE SUS ANÉCDOTAS de Javier Murcia

-HISTORIA DE LOS GRIEGOS. Indro Montanelli

-Primeira parte, dedicada á Antiga Grecia de LA HERENCIA VIVA DE LOS CLÁSICOS:TRADICIONES, AVENTURAS E INNOVACIONES. Mary Beard

-GABINETE DE CURIOSIDADES GRIEGAS. RELATOS EXTRAÑOS Y HECHOS SORPRENDENTES. J.C. McKeown

-Primeira metade (“Grecia imagina el futuro”) dedicada a Grecia do libro LO INFINITO EN UN JUNCO. LA INVENCIÓN DE LOS LIBROS EN EL MUNDO ANTIGUO. Irene Vallejo

-Novelas históricas:

OBRIGATORIAS PARA OS ALUMNOS QUE NON SE PRESENTEN Á ABAU e non queiran presentarse ao exame final de traducción:

-EL ASESINATO DE SÓCRATES. Marcos Chicot

-EL EJÉRCITO PERDIDO. Valerio Massimo Manfredi (sobre a Anábasis de Xenofonte)

Se non hai novidades en canto á contido e estrutura da proba ABAU seguiremos a traballar a selectas de textos de Xenofonte ou Apolodoro propostas pola CIUG o curso pasado xunto con outros textos semellantes dispoñibles na rede así como a **Antoloxía de textos gregos de Xenofonte**, de J. M. Bértolo Ballesteros e M. de Cal Cortina (2006 Consorcio Editorial Galego).

Dada á asistencia ás veces errática e discontinua do alumnado adulto todos os materiais básicos e complementarios empregados na materia (titoriais, presentacións, exercicios interactivos de práctica etc así como os exercicios, actividades e tarefas avaliáveis de morfoloxía, sintaxe, tradución, etimoloxía e literatura grega) estarán dispoñibles nas aulas virtuais GREGO II_2º BAC _2022/23

Materiais e recursos para o período entre a a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 2º BAC

Textos gregos das selectas da CIUG ABAU 2022 (Xenofonte e Apolodoro), Listado de helenismos ABAU e outros dispoñibles na aula virtual, apuntes dos tres xéneros literarios (épica, lírica arcaica e drama), lecturas obrigatorias e dicionario. Bateria de preguntas-respostas de literatura grega propostas nos últimos anos nas probas de acceso. Recursos teóricos e prácticos da aula virtual

7) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A avaliación debe servir non só para avaliar os progresos dos alumnos/as senón tamén para orientar e guiar o proceso de ensino-aprendizaxe.

As características que presenta a avaliación son as seguintes:

- Individualizada
- Integradora
- Cualitativa
- Diagnóstica e orientadora
- Continua

O profesorado avaliará aos alumnos/as tendo en conta os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grado de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe.

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, a profesora informará ao alumnado do que se vai a estudar, de que e cando se vai a avaliar e de cómo se vai a cualificar.

Na nosa materia, ao tratarse de grupos relativamente pouco numerosos é posible o seguimento persoal de cada alumno.

A avaliación será continua e empregaranse **instrumentos de avaliación** variados:

a) -como instrumento de observación sistemática, o **diario de clase** que valora a participación en clase do alumnado: durante as actividades de introdución e motivación, durante as lecturas, explicacións, ou tras o visionado de presentacións ou fragmentos de películas e documentais sobre cada tema ou actividades interactivas en formato dixital. Para observar e avaliar isto empregaremos as notas do noso caderno físico axustadas a unha escala de observación. Reservarase como instrumento único para avaliar os estándares que consideramos menos importantes ou polo contrario máis complexos. Suporá un **10 %** da nota da avaliación

b) como instrumentos para a análise das producións dos alumnos, que suporán entre todos un **30%** da nota da avaliación, empregaremos estes cinco:

-as producións orais

-os traballos escritos, que poden ser segundo a tipoloxía que emprega a aplicación PROGRAMAME coa que elaboramos as táboas :

- **traballos de aplicación e síntese**
- pequenas **investigacións**
- resolucións de **exercicios**

- e o **caderno de clase** (actividades do material fotocopiado, os boletíns de exercicios concretos (morfoloxía, etimoloxía etc, análise e tradución dos textos de Xenofonte..):

c) Como probos específicas realizaranse dúas por avaliación que farán media entre elas cun valor total do **60%** da nota.. Tratarase de probas básicas que obriguen ao alumnado a asentir conceptos e habilidades traballados na aula que son capitais para o progreso da súa aprendizaxe nesta materia segundo a natureza dos estándares a avaliar nelas. Se formularán (segundo de novo a terminoloxía de PROGRAMAME) como:

- proba de interpretación de datos (mapa)
- probos abertos
- probos obxectivos
- probos de resolucións de exercicios (+morfosintaxe, tradución e etimoloxía)

Por suposto nun mesmo exame haberá preguntas que respondan á tipoloxía das tres últimas citadas (abertas, obxectivos, exercicios) segundo os estándares que se avalíen.

Na segunda das probas se posibilitará a recuperación da primeira con preguntas da mesma. Tamén haberá unha recuperación global por trimestre ao inicio da seguinte avaliación e se permitirá entregar traballos ou actividades do caderno cando o suspenso foi motivado por este aspecto da avaliación.

Asimesmo haberá CUESTIONARIOS MOODLE e TAREFAS varias personalizadas dispoñibles na AULA VIRTUAL para que cada alumno poida recuperar partes suspensas da materia.

As probas escritas poderán supoñer o 100% da nota da avaliación no caso de alumnos absentistas ou que non presentan ningún traballo persoal pero ditas probas poderán incluír preguntas a maiores de estándares da materia avaliadas anteriormente con outros instrumentos para o grupo-clase.

No **réxime de Adultos** en tódalas avaliacións poderá subirse a nota global das mesmas entre 1 e 2 punto por lectura e exposición na aula ou entrevista coa profesora dun libro de entre unha lista (v. páxina 92) non necesariamente pechada de obras clásicas ou modernas do mundo grego que se facilitará ao inicio de cada trimestre e estará aberta ás suxestións dos propios alumnos.

Para obter o aprobado o alumno deberá acadar, unha vez aplicados estes criterios, a nota de 5 sobre 10.

O alumnado con todas as avaliacións suspensas deberá facer unha proba final en maio e presentar un traballo onde se comprobe a adquisición do grao mínimo dos estándares prioritarios da materia de Grego II

Tras a avaliación final ordinaria, o profesor/a elaborará un plan de actividades de recuperación das aprendizaxes non acadadas por cada estudante. O obxectivo é preparar e orientar ao alumno/a para a realización da proba extraordinaria de xuño.

Na táboa seguinte aparecen os estándares agrupados por instrumentos de avaliación:

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN AGRUPADA DOS ESTÁNDARES DO CURSO							
CURSO	GREGO II 2022-2023						
NIVEL	2º BACHARELATO			ÁREA	Grego (GR)		
CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar o estándar	C.C. do estándar	TRIMESTRES		
Procedemento e instrumento	Peso				T1	T2	T3
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Resolución de exercicios e problemas	5% T1: 5% T2: 5% T3: 5%	2º-GR2B2.4.1-Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos que estean presentes. 1.67%	Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, a partir da forma básica do enunciado da palabra.	CCL	X	X	X
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Producións orais	5% T1: 5% T2: 0% T3:	2º-GR2B1.3.1-Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. 1.25%	Coñece o fenómeno do iotacismo e a ausencia de espírito áspero na pronuncia do grego moderno e utiliza algunhas palabras e expresións básicas (saúdos e presentacións e lectura de carteis de uso frecuente)	CCL	X		

	0%						
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as	5%	2º-GR2B4.3.1-Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	Explora a conservación dos grandes temas literarios da tradición grega (guerra de Troia, familia de Edipo, Argonautas e Medea...) mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	CCL CCEC	X	X	X
INSTRUMENTO: Investigacións	T1: 5% T2: 1% 5% T3: 5%						
PROCEDEMENTO: Probas específicas	23%	2º-GR2B2.4.1-Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, a partir da forma básica do enunciado da palabra.	CCL	X	X	X
INSTRUMENTO: Proba obxectiva	T1: 23% T2: 2.3% 24% T3: 24%	2º-GR2B3.5.1-Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os principais nexos subordinantes nos seus valores máis frecuentes.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B4.5.1-Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	Nomea os autores máis representativos da literatura grega, encádraos na súa época e cita e explica polo menos dúas das súas obras máis coñecidas.	CD CCEC		X	X
		2º-GR2B6.6.1-Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da	Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos	CCL	X	X	X

		lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. 2.3%	seus formantes, e explica o seu significado.				
		2º-GR2B6.6.2-Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. 2.3%	Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	CCL	X	X	X
PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba aberta	23% T1: 23% T2: 24% T3: 24%	2º-GR2B2.2.1-Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. 1.1%	Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais sempre nun contexto e non illadas, conxúgaas - se son irregulares ou minoritarias a partir dun modelo- e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B3.6.1-Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 1.1%	Identifica formas non persoais do verbo (infinitivos e participios de presente e aoristo) en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B3.6.2-Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. 1.1%	Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e xenitivo absoluto.	CCL		X	X

2º-GR2B3.7.1-Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. 1.1%	Recoñece, distingue e clasifica os tipos máis frecuentes de oracións e as construcións sintácticas gregas.	CCL	X	X	X
2º-GR2B3.7.2-Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. 1.1%	Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	CCL	X	X	X
2º-GR2B4.2.2-Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. 1.1%	Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	CCL	X	X	X
2º-GR2B4.4.1-Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. 1.1%	Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior recoñecendo alusións a temas (mitos, lendas ou feitos históricos...) estudados nos respectivos xéneros presentes en poemas ou fragmentos de literatura contemporánea.	CCEC		X	X
2º-GR2B5.3.1-Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. 1.1%	Cos coñecementos adquiridos recoñece o xénero literario e as alusións culturais presentes nos textos traducidos.	CCL CCEC			X

		2º-GR2B5.4.1-Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. 1.1%	Sabe ubicar o texto traducido nun contexto cultural e histórico a partir de referencias claras presentes nel.	CSC CCEC		X	X
		2º-GR2B5.5.1-Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. 1.1%	Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero do texto.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B6.3.2-Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. 1.1%	Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	CCL	X	X	X
PROCEDEMENTO: Probas específicas	1%	2º-GR2B1.1.1-Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. T1: 1% 0.04%	Identifica nun mapa ámbitos de influencia dos catro dialectos principais, recoñecendo os puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica sinalados en dito mapa.	CCL CD CCEC	X		
INSTRUMENTO: Proba de interpretación de datos	0% T3: 0%	2º-GR2B2.3.1-Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. 0.04%	Nomea as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	CCL	X		

PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Resolución de exercicios e problemas	23% T1: 23% T2: 24% T3: 24%	2º-GR2B3.1.1-Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. 0.77%	Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos consultando paradigmas gramaticais.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B3.2.1-Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. 0.77%	Recoñece os valores locais das preposicións (o resto consultando o dicionario) e identifica os complementos circunstanciais.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B3.3.1-Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. 0.77%	Coñece, identifica e traduce correctamente de entre os usos modais propios da lingua grega o optativo oblicuo e o subxuntivo eventual.	CCL		X	X
		2º-GR2B5.1.1-Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. 0.77%	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B5.2.1-Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. 0.77%	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto.	CD CCL	X	X	X
		2º-GR2B6.1.1-Identifica os helenismos	Identifica os helenismos máis frecuentes	CCL	X	X	X

		máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. 0.77%	do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.				
		2º-GR2B6.2.1-Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. 0.77%	Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua a partir dos étimos gregos dos que proceden e que se traballaron previamente nos textos.	CCL	X	X	X
PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Diario de clase	5%	2º-GR2B1.2.1-Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. 0.14%	Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando intuitivamente as semellanzas nos lexemas e as diferenzas na pronuncia e a flexión que existen entre uns e outros .	CCL CAA	X		
	T1: 5% T2: 5% T3: 5%	2º-GR2B2.5.1-Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. 0.14%	Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario e táboas morfolóxicas os morfemas que conteñen información gramatical.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B3.4.1-Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas consultando	CCL	X	X	X

		0.14%	táboas de nexos e esquemas sintácticos				
		2º-GR2B3.6.2-Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e xenitivo absoluto.	CCL		X	X
		0.14%					
		2º-GR2B4.3.1-Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	Explora a conservación dos grandes temas literarios da tradición grega (guerra de Troia, familia de Edipo, Argonautas e Medea...) mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	CCL CCEC	X	X	X
		0.14%					
		2º-GR2B6.3.1-Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	CCL	X	X	X
		0.14%					
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as	5%	2º-GR2B4.1.1-Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.	Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos estudados na avaliación, e identifica e sinala a súa presenza en textos lidos e comentados na aula.	CCL CCEC	X	X	X
	T1: 5%	0.13%					
	T2: 5%						
INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese	T3: 5%	2º-GR2B4.2.1-Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles os autores e obras máis importantes.	CMCT CCEC			X

		grega. 0.13%					
		2º-GR2B4.2.2-Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. 0.13%	Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	CCL	X	X	X
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase	5% T1: 5% T2: 5% T3: 5%	2º-GR2B2.1.1-Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. 0.1%	Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais sempre nun contexto e non illadas, declínaas - se son irregulares ou minoritarias a partir dun modelo- e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B2.2.1-Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. 0.1%	Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais sempre nun contexto e non illadas, conxúgaas - se son irregulares ou minoritarias a partir dun modelo- e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B3.1.1-Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. 0.1%	Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos consultando paradigmas gramaticais.	CCL	X	X	X
		2º-GR2B3.2.1-Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos	Recoñece os valores locais das preposicións (o resto consultando o	CCL	X	X	X

circunstanciais. 0.1%	dicionario) e identifica os complementos circunstanciais.				
2º-GR2B3.3.1-Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. 0.1%	Coñece, identifica e traduce correctamente de entre os usos modais propios da lingua grega o optativo oblicuo e o subxuntivo eventual.	CCL		X	X
2º-GR2B3.6.1-Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 0.1%	Identifica formas non persoais do verbo (infinitivos e participios de presente e aoristo) en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL	X	X	X
2º-GR2B5.1.1-Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. 0.1%	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL	X	X	X
2º-GR2B5.2.1-Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. 0.1%	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto.	CD CCL	X	X	X
2º-GR2B6.1.1-Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e	Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico	CCL	X	X	X

do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. 0.1%	especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.				
2º-GR2B6.2.1-Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. 0.1%	Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua a partir dos étimos gregos dos que proceden e que se traballaron previamente nos textos.	CCL	X	X	X
2º-GR2B6.4.1-Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. 0.1%	Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica a partir de listas de morfemas derivativos traballados.	CCL	X	X	X
2º-GR2B6.5.1-Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro. 0.1%	Recoñece e distingue cultismos e neoloxismos a partir do étimo grego e explica as regras de transcrición.	CCL	X	X	X

8) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Este departamento tentará aplicar os seguintes:

- Revisións quincenais de control de cumprimento da programación.
- Avaliación cualitativa, mensual e trimestral, da marcha e resultados obtidos polos alumnos/as co traballo e resposta na clase e nas probas obxectivas.
- Feedbacks periódicos da materia xa explicada para contrastar a súa asimilación real polos alumnos/as.
- Análise da relación entre actividades orais e escritas e entre actividades grupais e individuais, para asegurar o seu adecuado equilibrio.
- Análise das medidas adoptadas para dinamizar as clases e a frecuencia das mesmas e os seus resultados.
- Observación e avaliación da mellora de nivel do grupo e dos seus alumnos/as, respecto de aqueles nos que se detectou déficit de aproveitamento na materia previamente impartida.
- Observación e control dos alumnos/as que presenten retrasos na aprendizaxe para establecer ou propoñer, segundo sexa o caso, sobre patróns obxectivos e ben fundados as decisións sobre a eventual necesidade de adaptacións curriculares ou plans de mellora.
- Reclamar das familias as intervencións precisas para mellorar a situación do alumno/a que o necesite, axudando ao seu diagnóstico ou a colaborar no estímulo, orientación ou corrección de condutas que se estime pertinente.
- Analizar se as instrucións aos alumnos/as son claras, precisas, intelixibles para eles, e o uso que fan de elas, para comprobar que alcanzan o seu fin.
- Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ao 100% coa materia a avaliar.
- Asegurar regularmente o repaso da materia xa explicada e sempre ante a celebración dunha proba de calado sobre ela.

Para rexistrar obxectivamente a información recollida e a súa valoración empregaranse estas dúas rúbricas:

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				

10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

	escala			
Indicadores de logro da práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

9) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Para o alumnado de 2º de bacharelato con Grego I pendente decidírase –previa entrevista co alumnado implicado- a superación da materia na proba extraordinaria que se fará no mes de maio ou ben superando a mesma por trimestres, xa que pode haber poucos ou mesmo ningún alumno nesta situación. Para o seguimento da materia o departamento elaborará exercicios que deberá realizar o alumno/a e entregar nos prazos indicados. Será a xefa do departamento didáctico a encargada de pórse en contacto co alumnado con materias pendentes para establecer o procedemento: plan de traballo, supervisión e calendario para a recuperación. Cada alumno/a deberá entregar á xefa do departamento todos estes exercicios debidamente resoltos, e para elo facilitarásenlle varias sesións nas que poderán resolver dúbidas.

O alumnado de adultos, independentemente de que estean matriculados por materias soltas ou cursen 2º de bacharelato completo con só dúas materias pendentes de primeiro, poderán ser avaliados por trimestres xunto co alumnado ordinario de 1º se así o desexan e asistir ás clases que lles permita o seu horario.

10) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

A nosa materia estúdase en ámbolos dous cursos do bacharelato (Grego I en 1º e Grego II en 2º) e enténdese que debe superarse a materia de 1º para poder cursar e ser avaliado en Grego II .

Ao tratarse dunha materia que se imparte por primeira vez en 1º de Bacharelato e non existe na ESO é practicamente imposible que un alumno con todo 1º aprobado pero que non tivera cursado Grego I –pero que polas circunstancias que fora tivera os coñecementos necesarios para iso-pretendera matricularse en Grego II. De ser o caso deberá solicitar ao director do centro antes do último día do período de matrícula de setembro o dereito á presentarse a unha proba para acreditar ditos coñecementos.

Esta proba, realizada pola xefa de departamento, versará sobre os criterios de avaliación mínimos da materia de 1º, e para a súa superación deberá obterse unha cualificación, como mínimo, de 5 sobre 10. Dita cualificación non constará no seu expediente académico.

A proba contará con preguntas sobre: alfabeto grego e signos gráficos, transcripción de palabras gregas ao latín/inglés e castelán/galego; valores dos casos; 1ª, 2ª e 3ª declinación en consonante (agás silbante) e iota e ípsilon (desta última só adxectivos), principais preposicións, verbos regulares en presente activo e medio, verbo εἶμι en presente e infinitivo, traducción e análise morfosintáctica de pequenos textos cos contidos gramaticais e anteriores, etimoloxía, mapa do mundo grego e identificación dos deuses olímpicos.

Se o alumnado interesado o require – coa suficiente antelación, claro está - facilitarase un listado co vocabulario mínimo que se debe manexar e os principais étimos para obter helenismos.

11) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Cada novo curso unha parte dos alumnos/as correspondentes a cada profesor/a renóvase, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso e ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría a ser un nivel promedio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As ferramentas empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

- Análise do expediente académico previo.
- Observación e análise do traballo na aula.
- Proposta de traballo específico puntual de contraste de xeito ben oral, ben escrito.
- Abrir un breve período de observación (de 3 a 5 días) presumindo un nivel ideal e a vista dos resultados chegar a conclusións ao respecto.
- Someter aos alumnos/as a una proba obxectiva oral ou escrita formal. Na materia Grego II normalmente os alumnos son coñecidos por teren cursado 1º no noso centro pero como sempre se incorpora algún alumno procedente ben do diúrno ben doutro centro farase unha proba de **avaliación inicial** onde se detectará que lembran da materia que contidos teñen cursado ou non os alumnos novos etc. Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederíase á toma de decisións:

Os alumnos/as con nivel baixo a media serían sometidos a un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve fundamentalmente a través da aula virtual.

Medidas de reforzo mais duradeiras durante o curso con exercicios e explicacións personalizadas tamén na aula.

12) Medidas de atención á diversidade.

Actividades de ampliación e reforzo

Partimos da premisa de que en toda clase de hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, e tamén con diversos graos de motivación. Xa que logo, marcámonos como obxectivo que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teñan o éxito que lle corresponda á súa capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados fai posible que todos os alumnos/as atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe. Por exemplo, os enfoques indutivo e dedutivo que se adoptan para o estudo proporcionan formas diferentes de acceder a un mesmo coñecemento, e, segundo o seu estilo individual de aprendizaxe, os alumnos/as beneficiaranse dun ou doutro enfoque.

En canto ós ritmos de aprendizaxe, o deseño de actividades diferenciadas permite que o alumnado que o necesite dispoña de actividades de ampliación ou de reforzo.

O profesor/a proporcionará actividades de ampliación para alumnos/as que rematan antes o seu traballo e fomentará a elaboración de proxectos.

Nos nosos grupos de Grego hai alumnos que proceden da ESA ou do PCPI e teñen carencias formativas sobre todo na parte lingüística da materia polo que haberá que prestar unha atención especial a este aspecto nas primeiras semanas do curso.

13) Concreción dos elementos transversais.

No desenvolvemento do currículo de Grego prestarase especial atención a elementos transversais como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional. A isto contribuirá a lectura en voz alta, resumo e comentario de textos de diversos temas, a busca de información e elaboración de pequenos traballos empregando as TICs e o estudo da organización política e social na Grecia antiga, prestando especial atención a importancia do concepto de cidadanía e ao funcionamento da democracia ateniense. Coas figuras de Herodoto, Tucídides ou Xenofonte poderemos reflexionar criticamente sobre o etnocentrismo grego e a súa superación, o imperialismo, o concepto de cidadanía etc.

Asimesmo se fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social estudando e comentando criticamente a situación da muller na antigüidade (mito de Pandora en Hesíodo, traxedias *Medea* ou *Andrómaca* de Eurípides...), a escravitude, e a euxenesia espartana e valorando a apertura a outras civilizacións que supuxo o helenismo. Poderá utilizarse o estudo da homosexualidade en Grecia para contribuir á normalización da existencia de distintas identidades sexuais, salvando as evidentes distancias culturais.

1) Programación da educación en valores

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida. Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicarlas con flexibilidade, insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula.

Os temas transversais tratados en cada unidade desta programación inclúen aspectos relacionados coa educación en valores.

2) Aportacións ao plan de convivencia

O plan de convivencia debería contemplar e desenvolver todos os aspectos normativizados nas N.O.F.C. Este departamento pretende contribuir a estes importantes aspectos da vida do centro, entre outros:

Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Integrar a todos os membros da comunidade educativa, dando unha recepción cordial e empática aos novos membros.

Ademais da información das normas correctas de comportamento e respecto, informar aos alumnos dos mínimos esixibles e dos criterios de cualificación.

Intentar reflexionar colectivamente sobre os problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.

Crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado do material colectivo e do mobiliario.

Intentar detectar canto antes procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma ostentosa (con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferenzas motoras ou psíquicas.

Combater e sancionar todo tipo de comportamento violento, lesivo e discriminatorio para co alumnado e o profesorado.

Aplicar as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.

Pasar ao XADE as faltas de asistencia diariamente.

Manter información e comunicación constante entre o profesor/a e o titor/a. Informar de inmediato ao titor e facer chegar ás familias todo tipo de incidencias pertinentes en canto a rendemento, comportamento, actitude, etc.

Manter informadas ás familias e recabar delas información en casos puntuais.

Falar co Departamento de Orientación sempre que proceda.

3) Fomento da lectura

Sobre a **animación á lectura**, este departamento pretende fomentar o desenvolvemento de actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e da expresión oral. Nese senso, formarán parte da rutina diaria a lectura en voz alta de textos gregos (orixinais e traducidos), as recomendacións de libros adecuados aos intereses e madurez dos estudantes, a exposición oral de traballos ante o grupo etc.

Este curso –aparte das lecturas preceptivas da CIUG- procuraremos ler en voz alta na aula fragmentos de textos clásicos que teñan que ver con situacións ou noticias de actualidade amén dos comezos das lecturas complementarias e voluntarias referidas no apartado 6.

4) Fomento das TICs

Está claro que a materia de Grego non ten como fin principal a consecución de habilidades nas TIC's, senón desenvolver no alumnado as competencias clave.

As TIC's son, deste modo, un medio para conseguir unha serie de obxectivos entre os que se atopa a competencia dixital; polo tanto as tecnoloxías da información e da comunicación incorpóranse a práctica docente como ferramentas de comunicación e aprendizaxe para que o alumno adquira as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non un mero receptor de información. Debe, así mesmo, desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación de realidades culturais diferentes, concibindo as TIC's como unha gran fiestra aberta ao mundo.

No centro contamos con diversas aulas de informática onde o estudante e o profesor/a aproveitarán os distintos recursos que ofrece Internet, pero non só como unha vía máis de información senón tamén de ampliación e actualización de coñecementos.

Con esta ferramenta trataremos de utilizar unha metodoloxía activa, é dicir, aprender facendo.

Hai que destacar que no noso centro hai catro aulas ABALAR para os grupos de 1º e 2º da ESO, pero para o resto dos grupos, as aulas de informática só están dispoñibles cando non se imparten as materias específicas de informática, sendo un número de horas moi reducido e a disposición do resto das materias.

As actividades que se propoñen inicialmente para o presente curso, sen prexuízo de que poidan incorporarse outras novas, centraranse na busca dirixida a través da rede de páxinas que teñan que ver coa materia e a realización de exercicios e xogos interactivos detallados no apartado 6 (Materiais e recursos didácticos), pero sempre desde o único equipo dispoñible na aula e proxectando a través do canón. Por último, destacar que este curso 2022-2023 o fomento das TICs estará encamiñado ademais de a formar aos alumnos no ensino telemático a través da aula virtual tamén no uso de aplicacións para móbiles útiles na aprendizaxe do grego antigo (teclados grego politónico, dicioanarios,

14) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

ADVERTENCIA: estas actividades serán desenvolvidas polo Departamento de Latín e máis o Departamento de Grego.

1. Visita á biblioteca do centro para coñecer o espazo, os fondos de latín e grego e recibir unha formación básica de alfabetización.
2. Participación nos Ludii Compostelani que se adoitan desenvolver na Facultade de Filoloxía na USC no mes de xaneiro. Xornada completa.
3. Visita a un castro próximo ao centro. Media xornada.
4. Asistencia ao teatro dentro do marco dun festival de teatro clásico, ben o Festival de Teatro Clásico de Lugo (entre os meses de febreiro e marzo, obras e datas a determinar), ben o Festival de Teatro Clásico de Mérida (mes de abril, obras e datas a determinar).
5. Visita do Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid (mes de xuño, data a determinar).

15) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A labor de reprogramación perfectiva é una necesidade non discutible, como tamén é certo que establecer una relación causa-efecto respecto de que parámetros son os que determinan os resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, é tarefa sumamente difícil. Xa partimos de que a programación é un desideratum un proxecto de traballo ideal, porque como dicía Oscar Wilde, *“hai que apuntar sempre á lua, porque en caso de fracaso sempre se pode aterrar nas estrelas”...*

O marco máis axeitado para valorar e avaliar a programación son a posta en práctica na aula e as xuntas de departamento.

É precisa una valoración colectiva con apartacións desde diferentes perspectivas.

A reconsideración da programación debe estar baseada coa maior cantidade de datos obxectivos posible; consideráranse entre outros:

- As horas asignadas a cada unidade didáctica,
- A extensión dos contidos impartidos en relación cos previstos,
- O grado de consecución por parte do alumnado dos obxectivos previstos e da competencia acadada,
- O grado de consecución das metas fixadas polo profesor/a no exercicio da súa actividade profesional,
- Os resultados das avaliacións externas e internas,
- A valoración do que atinxe á metodoloxía e recursos didácticos empregados fundada na reaccións dos alumnos/as durante a explicación e no traballo na clase.

Os posibles cambios formais levaríanse a cabo preferiblemente na programación do curso inmediatamente seguinte e, de ser o caso e por razóns relevantes e urxentes, nos meses de xaneiro, ou abril do propio curso no que se detecte a necesidade de modificar algún aspecto acordado polo Departamento.

Como rexistro empregaremos a seguinte táboa:

Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
(Indicadores de logro)				
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				

10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

En Vilagarcía , a 15 de setembro de 2022

Asdo. Margarita Barral Diéguez

Xefa do Departamento de Grego